



RESUMO DAS XUNTANZAS DA PERMANENTE DA XUNTA DE PERSOAL DOCENTE DE PONTEVEDRA CO XEFE TERRITORIAL DA CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN, CELEBRADAS O MÉRCORES DÍA 2 DE MARZO DE 2016 E O MÉRCORES DÍA 9 DE MARZO DE 2016 NO EDIFICIO ADMINISTRATIVO DE CAMPOLONGO.

XUNTANZA DO 2 DE MARZO DE 2016

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, CSIF, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial, o Inspector Xefe e o Xefe do Servizo Xurídico, que fai as veces de Secretario, por baixa do titular.

Comeza a xuntanza ás 9.30 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Negociación de vacantes CXT

O resultado da negociación exprésase neste cadro:

TIPO	NOME	CONCELLO	Nº	ESPECIAL.	RESPOSTA DA XEFATURA TERRITORIAL
CEIP	Torre-Illa	Illa de Arousa	2	EP	A primeira, si. A segunda non, por fluctuación da matrícula.
			1	FF	Si.
CEIP	Igrexa-Candeán	Vigo	1	EM	Si.
			1	EI	Non, por baixa matrícula.
CEIP	Coirón-Dena	Meaño	1	EP	Non. Catálogo completo.
IES	As Bizocas	O Grove	1	PT	Pendente de informar.
CEIP	Rosalía de Castro	O Grove	1	EF	Si.
CPI	Santa Lucía	Moraña	1	EP	Non, inestabilidade da matrícula. Teñen 1 FI por riba do catálogo.
			1	FF	Si.
CEIP	Escultor Acuña	Vigo	2	AL	Si.
			1	EP	Si, en total 3 EP.

CEIP	Frián-Teis	Vigo	1	EP	Si.
			1	FI	Non consta a xubilación.
CEP	Riomaior	Vilaboa	1	EP	Non, inestabilidade da matrícula.
			1	EP	Non, inestabilidade da matrícula.
CEIP	Espiñeira	Aldán	1	EP	Si.
CEIP	Manuel Cordo Boullosa	Ponte Caldelas	1	FF	Si.
CEIP	Abelendo	Moaña	1	EI	Non, baixa matrícula.
EOI	Vilagarcía	Vilagarcía	1	FI	Si.
IES	Alexandre Bóveda	Vigo	1	PT	Non, teñen 1 definitiva. Se fai falta, nomearase na ADP.
IES	Ricardo Mella	Vigo	2	AE-101	Non, xa hai 6 definitivas.
			2	LC	Si.
			1	LG	Si.
			1	202	Non, hai 4 definitivas.
CPI	Suárez Marquier	O Rosal	1	EF	Non, na ADP pode ser.
IES	Terra de Turonio	Gondomar	1	FI	Non, hai 2 definitivas.
IES	Mos	Mos	1	XeH	Pendente de informar.
CEIP	Conmeniño	O Grove	1	EI	Si.
			2	EP	A primeira, si. A segunda, non.
CEIP	do Hío	Cangas do Morrazo	1	EI	Si.
EEI	Vila Laura	Vigo	2	EI	Si.
CEP	Carlos Casares	Salvaterra de Miño	1	FF	Si.
CEIP	Humberto Juanes	Nigrán	2	EP	Si.
IES	A Sangriña	A Guarda	1	LC	Non, hai 5 definitivas.
			1	BX	Non, hai 4 definitivas.
			1	FF	Non, hai 2 definitivas.
			1	FI	Non, hai 5 definitivas.
			1	AE-101	Si.
			1	PORT	Non existe a especialidade para PES, si nas EEOOII.
CEIP	Igrexa-Chapela	Redondela	1	FF	Pendente de informar.
IES	Illa de Arousa	Illa de Arousa	1	CCNN	Non, profesorado suficiente.
IES	Illa de Arousa	Illa de Arousa	1	LC	Si.
CEIP	Plurilingüe Nantes	Sanxenxo	2	EI	Non, hai 2 unidades e 2 definitivas.

CEIP	Vilaverde	Pontevedra	1	PT	Si.
IES	Montecelo	Pontevedra	2	MAT	Non, as horas son de FPB. Pode desaparecer de se derrogar a lei.
IES	Montecelo	Pontevedra	2	FI	Non, as horas son de FPB. Pode desaparecer de se derrogar a lei.
IES	Montecelo	Pontevedra	1	PS 118	Si.
IES	Montecelo	Pontevedra	2	209	Non, as horas son de FPB. Pode desaparecer de se derrogar a lei.
IES	Montecelo	Pontevedra	2	216	Non, as horas son de FPB. Pode desaparecer de se derrogar a lei.
IES	Montecelo	Pontevedra	2	203	Non, as horas son de FPB. Pode desaparecer de se derrogar a lei.
IES	Montecelo	Pontevedra	2	223	Non, as horas son de FPB. Pode desaparecer de se derrogar a lei.
CIFP	A Xunqueira	Pontevedra	2	111	Si, a primeira. Non, a segunda. Non hai horas para máis.
CIFP	A Xunqueira	Pontevedra	2	FOL	Non. Hai 4 definitivas e abondan.
CIFP	A Xunqueira	Pontevedra	2	225	Si.
IES	Sanchez Cantón	Pontevedra	1	LATIN	Non chegan a 15 horas entre Latín e Grego. Hai profesorado doutras especialidades que pode impartir.
CEIP	Belesar	Baiona	1	EI	Si.
EEI	Verducedo	Moaña	1	EI	Non. Matrícula baixa.
CPI	Covaterreña	Baiona	1	MAT	
			1	EF	
			1	19	Non. Pendente de traslado das ensinanzas de ESO.
			1	LC	
			1	EPV	
IES	Primeiro de marzo	Baiona	1	225	Si.
IES	Audiovisual	Vigo	2	229	Non, saen 4 co que chegan a 12 definitivas.
			2	119	Non, saen 6 co que chegan a 10 definitivas.
			1	105	Non. Non hai horas. Xa hai 1 definitiva.
IES	Chan do Monte	Marín	2	227	Non.
IES	Armando Cotarelo	Vilagarcía de Arousa	1	227	Non.
IES	Teis	Vigo	1	227	Non.

CEIP	Ardán	Marín	1	FI	Si.
CEIP	Manuel Vidal Portela	Pontevedra	1	PT	Si.
CEE	Príncipe Felipe	Pontevedra			Vaise facer o posíbel para que as equipas directivas teñan estabilidade. Trasladarán a Santiago a petición de que comece a sacar vacantes.
IES	Francisco Asorey	Cambados	1	105	Non, hai 1 definitiva e 22 horas.
IES	Fermín Bouza Brey	Vilagarcía de Arousa	1	105	Non, hai 2 definitivas e 35 horas.
CIFP	Carlos Oroza	Pontevedra	2	105	Non, hai 3 definitivas e 60 horas.
IES	Pedro Floriani	Redondela	1	105	Pendente de informar.
IES	Luis Seoane	Pontevedra	2	105	A primeira, si. A segunda, non. Hai 1 definitiva e 39 horas.
CEIP	Pérez Viondi	A Estrada	1	EI	Non. Espera evolución matrícula.
			1	EP	Non. Espera evolución matrícula.
			1	FI	Non consta a xubilación.
CIFP	Valentín Paz Andrade	Vigo	1	204	Non, hai 4 definitivas.
IES	Frei Martín Sarmiento	Pontevedra	1	203	Si.
IES	Politécnico	Vigo	2	PES Electr.	
IES	Politécnico	Vigo	2	PTFP Electr.	Sae 1. Non consta a segunda xubilación.
IES	Politécnico	Vigo	1	PES Fab. Mec.	Sae 1. Non consta a xubilación.
IES	Politécnico	Vigo	3	PT Fab. Mec.	Pendente de informar.
IES	Politécnico	Vigo	1	FILOS	Non. Hai 2 persoas definitivas.
IES	Politécnico	Vigo	1	XeH	Non hai horas para un 4º.
IES	Politécnico	Vigo	2	FI	Non, 92 horas e 5 definitivas.
IES	Politécnico	Vigo	1	LC	Só saen no CXT as xubilacións até o 30 de abril.
CEIP	Refoxos	Oia	1	EI	Si.
CEIP	Pedro Antonio Cerviño	Campo Lameiro	1	EP	Non, matrícula baixa.
CEIP	Pedro Antonio Cerviño	Campo Lameiro	1	AL	Non lle corresponde por catálogo.
CEIP	Montemogós de Beluso	Bueu	1	FI	Si.
IES	Valle Inclán	Pontevedra	1	FF	Pendente de informar.

CEIP	Ponte Sampaio	Pontevedra	1	EI	Pendente de informar.
CEIP	Josefa Alonso	Vigo	1	EP	Si.
CEIP	Plurilingüe de Domaio	Moaña	1	EP	Si, con B2.
CEIP	Plurilingüe de Domaio	Moaña	1	EP (B2)	Si.
CEIP	Plurilingüe de Domaio	Moaña	1	FF	Si.
IES	Johan Carballeira	Bueu		228	Pendente de informar.
IES	Valga	Valga		228	Pendente de informar.

2. Asuntos pendentes das xuntanzas anteriores.

2.1. Zonificación Pontevedra

O Xefe Territorial comprométese a entregar ás OOSS. copia dos criterios e do calendario de debate da proposta de zonificación de Pontevedra e comenta as reunións que vén mantendo con direccións e ANPAs de diversos centros afectados. Ata o 29 de febreiro púidose facer alegacións por parte deses centros. Sinala que a razón última desta proposta de nova zonificación ten a ver co serio problema demográfico que se nos vén enriba na cidade, pois de máis de 1.100 novas prazas educativas ofertadas neste curso xa só se cubriron malamente 800.

2.2. Petición 2º PT para IES de Teis

O XT informa de que xa está incorporado o medio PT solicitado nese instituto.

2.3. Recurso de alzada profesor IES Vilalonga

CIG comentara nunha xuntanza anterior que había un recurso de alzada presentado por un profesor do IES de Vilalonga sobre o seu horario e o reparto da carga horaria dentro do seu Departamento que non fora respostado. O XT informa que está xa resolto, desestimándoo.

2.4. Previsión obras RAM

STEG pregunta se xa están priorizadas as obras en centros da provincia e interésase en particular polas que afectan á cuberta do pavillón do IES A Basella, en Vilanova. CIG fai o propio pola cuberta do pavillón Antonino Torrón, que usa a comunidade escolar de As Solanas.

O XT responde que a máxima dotación e máxima prioridade é para o arranxo das dependencias queimadas do centro educativo de Pontearreas, seguida do pavillón de Rubiáns (50% do total). Tanto a obra de As Solanas (financiada a medias co Concello) como a do IES A Basella están contempladas, pero falta saber con que dotación orzamentaria pode contar. Mentres tanto, por seguridade, vaise instalar unha rede no ximnasio das Solanas para evitar que poidan caer anacos da cunerta sobre a pista. Esas obras non comezarán antes do verán.

3. Substitución directora do CEIP Refoxos, por baixa.

STEG pregunta pola negativa da Inspección a cubrir esta baixa e a orde conseguinte de refacer horarios e reasignar tarefas ao claustro. O XT contesta que a baixa xa foi cuberta.

4. Rolda de intervencións

CIG pide unha aclaración sobre a redución horaria das persoas que representan ao profesorado nun Consello Escolar.

CIG pregunta se é correcto que o profesorado teña que abrir a porta do centro en vez do conserxe no IES Pintor Laxeiro de Vigo.

FETE pregunta pola situación do profesorado de FOL con nivel B2 en lingua estranxeira.

FETE pregunta por que se cubren con profesorado da especialidade de Perruquería prazas que son da especialidade de Estética.

ANPE salienta que na nova Orde de licenzas hai unha modificación no número de días lectivos para asistencia a actividades de formación do profesorado.

STEG pregunta de quen depende a reposición de persoal administrativo dun centro. O XT contesta que da Xefatura Territorial, non.

O XT dá conta da resolución dun proceso disciplinario no IES Carlos Casres, con imposición de sete meses de suspensión por falta moi grave.

E non habendo máis temas que tratar, levantouse a reunión sendo as 12.20 horas.

XUNTANZA DO 9 DE MARZO DE 2016

Asisten representantes de ANPE, CIG, CCOO, FETE-UGT e STEG. Pola Administración, o Xefe Territorial, o Inspector Xefe e o Xefe do Servizo Xurídico, que fai as veces de Secretario, por baixa do titular.

Comeza a xuntanza ás 9.30 horas coa seguinte orde de traballos:

1. Negociación de vacantes CXT

O resultado da negociación exprésase neste cadro:

IES	Johan Carballeira	Bueu		228	Non, xa hai 4 definitivos
IES	Mos	Mos	1	XeH	Si
IES	As Bizocas	O Grove	1	PT	Si

IES	Valle Inclán	Pontevedra	1	FF	Si
CEIP	Ponte Sampaio	Pontevedra	1	EI	Non. Pouco alumnado.
CEIP	Igrexa-Chapela	Redondela	1	FF	Non. Previsión de baixa matrícula.
IES	Pedro Floriani	Redondela	1	105	Non. Non hai horas para un segundo definitivo.
IES	Valga	Valga		228	Non. Hai xa catro definitivos con horario suficiente.
IES	Politécnico	Vigo	3	PT Fab. Mec.	Non. Hai xa 7 definitivos.
CEIP	A Seara	Moaña	1	FF	OLLO: Xa está cuberta cunha persoa definitiva.
IES	Montecelo	Pontevedra	1	118	Non. O centro prefire que se dea en Destinos Provisionais
IES	Antón Losada Diéguez	A Estrada	1	118	Non. Prefírese agardar a ver a evolución do ciclo no seguinte curso antes de consolidar a praza

Fican pendentes de resolver as demandas sobre as seguintes prazas vacantes reclamadas polas OO.SS.
O Inspector Xefe comprométese a respostalas vía e-mail o venres día 11/3

TIPONOME	CONCELLO Nº		ESPECIAL.	XUSTIFICACIÓN
IES Antón Losada Diéguez	A Estrada	1	Mantemento vehículos (209)	Por xubilación titular.
		1	Equipos electrónicos (202)	Por xubilación titular.
		1	Mat	Por perda destino do titular.
IES Sánchez Cantón	Pontevedra	1	Latín	Por xubilación titular. Aínda que xa se negociou o día 27, reiteramos a importancia de que exista unha profesora especialista no centro. De non saír como vacante desaparecería o departamento. Imparte Cultura Clásica o departamento de Música. Derivan o alumando de Grego a outro centro. Hai 21 horas de Latín.
IES Ramón Cabanillas	Cambados	1	BeX	Cuberta con interino.
CIFP A Xunqueira	Pontevedra	1	Sistemas Electrónicos (104)	Por xubilación titular.

IES	Chan do Monte	Marín		227	Hai 5 profesor@s ex expectativa e interinas e non sae ningunha vacante.
IES	Armando Cotarelo Valledor	Vilagarcía	1	227	Por necesidades do centro.
IES	Rodeira	Cangas do Morrazo	1	227	Por necesidades do centro.
CEIP	Santo André	Xeve			Unha vacante aparece dúas veces, unha por xubilación voluntaria e outra que pon xubilación forzosa por idade. En realidade é a mesma persoa. Tña unha data de xubilación inicial do 31 de decembro, mais por razóns persoais solicitou o cambio de data, a 31 de xaneiro. A data real é esta última e só hai una vacante por xubilación.
CRA	María Zambrano	O Rosal	1	EF	Por catálogo.
CPI	Domingo Fontán	Portas	1	EP	Catálogo 6 de EP, 5 profesores definitivos debido á xubilación, na primeira semana de setembro 2015, dunha compañeira. En funcionamento 9 aulas primaria. Praza de catálogo.
CEIP	A Reigosa	Ponte Caldelas			Hai 4 xubilacións e só saen 3 vacantes.
IES	Pedra da Auga	Ponteareas	1	206	Estaba na previsión inicial entregada pola XT e desapareceu.
IES	Alexandre Bóveda	Vigo	1	Economía	Estaba na previsión inicial entregada pola XT e desapareceu.
CRA	Antía Cal	Gondomar	1	EI	Apoio.
CEIP	Pl. Domaio	Domaio			Das dúas vacantes de EP o centro pide que só unha saia con B2 xa que hai profesorado de EI no centro que quere solicitar esas vacantes e non está habilitada.
CEIP	A Laxe	Marín	1	EP	Por xubilación en xaneiro de 2016.
IES	Indalecio Pérez Tizón	Tui	1	Latín	Xubilación titular o 15 de marzo de 2016. Recibiron hoxe, día 9 de marzo, a comunicación da xubilación.

2. Zonificación Pontevedra.

O XT informa do contido das alegación recibidas por parte de varios centros, tanto de direccións como de consellos escolares. CIG intervén para defender que se lle manetaña ao colexio de San Martiño a súa zona.

3. Rolda de intervencións.

FETE reitera preguntas da anterior xuntanza, sobre FOL con B2 e prazas de Estética, mais fican para resposta na vindeira reunión.

Levántase a xuntanza sendo as 11 horas.